

NOTAS Ó PROGRAMA

A Banda de música municipal da Coruña, un instrumento de integración social.

A banda municipal afronta dous concertos de suma importancia, dous concertos onde se ve con claridade a función social que desempeña esta agrupación. Por unha banda formaremos parte dunha peza teatral chamada: Unha ollada nas mans, onde na parte teatral participan membros da Asociación cultural para a integración social DIVERSOS que desenrolan un traballo a prol da integración de persoas con capacidades diversas. Para nós supón unha fantástica oportunidade para achegar ao traballo dunha agrupación profesional a xente que atopa na música un fenómeno especial e fantástico. Dito concerto terá lugar o xoves 19 de abril no Teatro Rosalía que sabemos, vaise quedar pequeno para gozar do talento destes xeniais actores. Ademais disto todo elo co fío condutor dunha peza teatral sobre a figura de Pablo Picasso e a súa pintura, que estiveron vencelladas tamén a esta cidade.

Outro dos proxectos que levaremos a cabo o día **22 de abril** é un concerto con diversas formacións musicais de organismos da cidade (Conservatorio Profesional de Música da Coruña, Banda do Colexio “Liceo La Paz”, grupos de violonchelos de varias escolas de música) que culminará na posta en escena de preto de 200 músicos mozos que se reunirán a carón da Banda de Música Municipal da Coruña cun concerto de música de bandas sonoras e musicais. Ademais tamén contaremos neste concerto cunha solista de futuro, como é Carla Gómez Iglesias, sobresaínte clarinetista con tan só 12 anos, e que será exemplo para os máis cativos do que supón o traballo e estudo dunha especialidade instrumental. Cremos que estes mozos estudantes de música van atopar nesta oportunidade de tocar cos músicos profesionais da Banda municipal un aliciente que os anime a continuar coas carreiras que están comezando, á vez que suporá o descubrimento para moitos deles do traballo e existencia da Banda municipal. Esta debe ser a oportunidade para crear un novo público que asista aos concertos da banda municipal e se vaian formando na vida musical a través dos nosos concertos.

Sen máis e como citamos no encabezado, esta semana é unha semana grande para nós por levar a cabo dúas iniciativas tan importantes para o desenrolo e visualización do traballo colectivo que se realiza na nosa cidade, e como a banda municipal é o nexo de unión para a súa visualización.

VINDEIROS CONCERTOS:

22 DE ABRIL NO PALACIO DA OPERA

5 DE MAIO NO PARQUE DE SANTA MARGARITA CÓ DÍA DA CIENCIA NA RÚA

10 DE MAIO NO TEATRO ROSALÍA